



BANDO DA ALCALDIA

O Concello ven detectando que hai unha certa desorientación nos cidadáns afectados pola posible insonorización das súas vivendas, como consecuencia das visitas e o buzoneo efectuado por unha empresa que oferta os seus servizos ós posibles afectados.

As vivendas afectadas pola insonorización prevista na DIA do Estudo de Impacto Ambiental pola ampliación de Alvedro, atópanse nun plano publicado polo Ministerio de Medio Ambiente, Rural e Marino que se pode consultar na páxina web do Concello. No nomeado plano, refléxase unha liña envolvente que delimita o ámbito da posible insonorización.

Para o inicio do Estudo da Insonorización das vivendas aínda non se formalizou a constitución da Comisión que analizará, estudará e seguirá o proceso, xa que se ten que constituír polo Consello de Ministros nun prazo de seis meses dende a aprobación da DIA; nesa Comisión está representado o Concello.

O Concello facilitará a Aena un listado dos propietarios das vivendas a insonorizar que estean dentro da envolvente delimitada, e a partir dese momento a Comisión valorará se é necesario medir o ruído nas vivendas e se acepta a proposta da DIA, e por onde se empeza a insonorización.

Cada casa ou edificio ten un proxecto adaptado a cada unha delas en función do ruído que soportan. O Concello manterá informados ós veciños a través da Web do Concello e por carta.

Neste momento hai algunha empresa que se está a dirixir ós posibles afectados pola insonorización, por si desexan que lles encargue o proxecto de insonorización e tramitalo ante a Comisión e Aena, o cidadán pode optar libremente por esa ou outra empresa que apareza mañá.

O afectado o que ten que ter claro e que non lle vai custar nada nin o proxecto nin a insonorización, nin ten que facer ningunha xestión de momento.

O Concello tamén quere deixar claro que a envolvente lle parece insuficiente e hai casas e edificios que quedan fora e que se deben insonorizar e fará o pertinente recurso para a súa inclusión.

O Alcalde

Julio Sacristán de Diego